

SARAIBAS

“O talento artístico non se merca na feira”

Sempre, pero moi especialmente neste caso, o que intento transmitir non é unha historia detallada das cousas de que falo; senón máis ben expresar as miñas vivencias, pretensión nada fácil moitas veces. Por iso quen queira saber máis que se dá un paseo por “Fálame”, que visite a web “ravachol”, que lle pregunte ao Sr.Google, e, por suposto e antes que nada, que convide a **Martín** a tomar un café e ... parolar sen presa.

Síntome moi ligado ao nacemento do grupo SARAIBAS. Ao chegar eu a San Sadurniño estaba daquela de Superiora e Directora do Colexio das Monxas de Cristo Rei a **Nai Luisa María**, quen, como boa valenciana, era experta en música. Con motivo das diversas solemnidades litúrxicas (Nadal, Semana Santa, San Xosé, Festa de Cristo Rei...) xuntábase con un grupo de rapazas e rapaces da parroquia para ensaiar novos cantos e darlle así máis realce a festa. A cousa resultaba verdadeiramente solemne. Facíanos de marabilla. Había acompañamento de guitarras e diversos instrumentos de percusión. Chamáronme poderosamente a atención. Entre as mulleres sobresaía **Emma de Torina** e entre os homes **Miguel Sanjurjo**. Despois, xa sen depender da Nai Luísa María, fomos facendo un elenco de cantos litúrxicos cun repertorio ben amplo (*Padre Zezinho, Misa Nicaragüense...*) e animeinos a saír cantar noutras parroquias en vodas e festas patronais. Unha desas vodas foi a de **Adela** (sobriña de Otilia) e **Xosé Luis**, que logo tanto nos axudaron na organización da Cantareliña na Provincia de Ourense.

Máis adiante, matinando matinando, damos outro paso. Preparamos algunhas cantigas de **Fuxan os Ventos** e outras cancións populares galegas e, polo 15 de agosto, presentáronse nun concurso de cantos populares a celebrar nas Somozas. So apareceron eles. Cantaron derriba do remolque dun tractor. Foron moi aplaudidos e, naturalmente, quedaron de primeiros. A experiencia non foi mala. O paso era grande: cambiaron o coro das igrexas polo campo da festa, cara con cara coa xente. O malo foi que **Enma** non puido acompañarnos nesta nova faceta.

Eu, por varios motivos, estaba moi en contacto con **Jesús Mato** (*Fuxan os Ventos*) e cando tiña ocasión falabamos dos rapaces de San Sadurniño. El, sempre optimista, dime que os anime a compoñer algunha canción. A idea non caeu en saco roto. Demos pasos. Xa había tempo que se xuntaban na Casa Reitoral para os ensaios. Comezaron a xermolar algunhas cantigas propias e a recoller outras como a de *Rosiña*, que nos cantaba **María de Agra**, a tía de **Miguel** e **Martín**. Pasaron os meses. Ían aparecendo máis

cantigas e máis ideas. Gravamos dunha maneira moi caseira unha cinta e leveilla a Mato. Escoitouna e quedou encantado. *“Isto non pode quedar aquí”*, díxome. *“Temos que darlle para adiante”*, collendo o asunto como unha obriga persoal. E así foi.

Como andaba eu metido no das Romaxes de Crentes Galegos, leveinos a actuar á segunda das Romaxes que se celebrou na Punta do Couso, en Aguiño (1979). Actuaron pola tarde, case dende o curuto dunha pena, con moi mala amplificación e amainados polo ruxe-ruxe do mar... pero os aplausos soaron alegres confirmando a sintonía da xente co *Rebola-bola*, e coas outras cantigas. Mato escoitounos en directo e confirmou a súa decisión. Encargou a **José Luis Freire**, do Grupo **Fuxan os Ventos**, que viñera a San Sadurniño para retocar algúns arranxos e preparar a gravación do disco. Freire viviu connosco oito días hospedándose no “meu” estartelado convento. Foron días ateigados de ilusións.

Descartada a posibilidade segura de gravar coa Philips, **Mato** encargouse das xestións coa Casa Discográfica *“Ruada”*. Non houbo problemas. Daquela xa se decidira que o Grupo levaría o nome de **SARAIBAS**. (Andando o tempo **Martinho Montero Santalla** suxeríame que o escribíramos con V como fan os portugueses, pero xa o tiñamos rexistrado con B). Escolleuse ese nome, entre outros moitos que se barallaron, porque tiñamos ganas de que as cancións foran como as saraibas que case sempre feren ao caer. Pretendíamos que o noso traballo soara como un peta-peta na xente. Non só cantar por cantar, como se pode facer ao remate dunha sardiñada.

Para autorizar a gravación do disco tivemos que mandar ao Ministerio as letras traducidas ao castelán. Que tempos!! Foi a risa completa aquilo de *“Fuimos Rosita y más yo al molino..”* Cumpriuse o de “traductore, tradictore”, e comprobamos que hai expresións moi difíciles de traducir, pero aquí fixémoslo adrede. Unha risa! Por exemplo no *Revolabola*: *“y las otras carreteritas tocaditas del carajo”*, ou *“el tabaquero de los hombres lo llevo yo en el refajo”* Os do Ministerio non pescaron de nada; e máis valeu. De feito, con *Rosiña* e sen Rosita gravouse o disco. Éxito total. Grupo revelación daquel ano (1982). Actuacións. Ida a Venezuela xunto con **Milladoiro** e o **Ballet “Rey de Viana”** na xira que organizou Caixa de Aforros da Coruña. Compra de novos equipos de amplificación, e dun furgón Mercedes que se puxo ao meu nome por acordo do Grupo xa que este non tiña personalidade xurídica. O furgón gardouse no garaxe da Reitoral mentres eu estiven alí. Hai un ano “vendínlllo” a Martín.

Tiven a sorte de acompañalos na xira por Venezuela, o mesmo que máis tarde a Suiza e a París. A Londres, Bilbao, Festival de Lorient, Bruselas, Amberes, Munich, Barcelona, Sabadell e Madrid ... non puido ser por culpa das miñas obrigas. A de Venezuela foi especial, por ser a primeira e pola mala organización. Actuaron dúas veces en Caracas, en Puerto la Cruz, Maracaibo e Valencia. Aquí armouse un enredo tremendo porque querían que a actuación fose en castelá. (Noutros sitios non querían que se cantara o “*Rebola-bola*”). O Grupo tiña as ideas moi claras: ou galego ou nada. O Director de La Voz, **Juan Ramón Díaz**, foi testemuña do acalorado que se puxeron os ánimos. El, coa súa pachorra, axudou a buscar sentidiño a todos. Acabaron cantando o que tiñan que cantar. O balanço da xira foi positivo, pero con feridas. Houbo concertos, pero tamén desconcerto. As relacións reséntense nestas situacións. Entre os recordos lembro unha conversación que tivo comigo –sen saber que eu era crego- un “negreiro” de Ourense que levaba varios anos como empresario da fontanería en Maracaibo. Deixei que botara pola súa boca os sapos podres que almacenaba no bandullo adobiados coa augardente da copa, pero quen tiña gañas de vomitar era eu. Revivín alí o do “País dos ananos”.

Da viaxe a Suiza lembro dúas cousas, que aínda hoxe me fan cavilar cando paseo polas nosas cidades. En Xinebra avisáronnos moi seriamente que non fixéramos moita bulla pola rúa nin tiráramos nada ao chan, pois podían multarnos. Isto foi abondo para decatármonos que estabamos nun País diferente. E ... que diferente! En Zurich tamén nos pasou unha cousa curiosa. O equipo de amplificación non acababa de funcionar ben. O técnico –un rapaz novo- daba mil voltas. Os do noso Grupo, sen ser técnicos, pensaban nunha solución caseira: enlazando un cable Pero el erre que erre, que a solución tiña que ser a que tiña que ser. E así foi, aínda que o concerto empezou bastante máis tarde. Certo: un país distinto. Nestes concertos, como tamén no de París, sempre había unha certa preocupación polo que podía suceder durante a actuación. A política e as reivindicacións estaban moi vivas.

Teño unha morea de recordos moi gratos, aínda que as veces custaran sacrificio, p.e. un ano despois da actuación no Parque de Castrelos (Vigo) fomos para Ourense onde se organizaba a saída en buses para o Festival de Lorient. Eles saíron cara Francia e eu no furgón para San Sadurniño a onde cheguei cando o sol me chuscaba o ollo cando subía por Bouzarredonda. Toda a noite sen durmir.

Acompañeinos en moitas actuacións con dúas intención: gozar escoitándoos e observar a reacción da xente. Pasábao ben vendo as expresións do público ao escoitar “*O tabaqueiro*”, “*Os dereitos humanos*”,

“*O rebola bola*”... Pero, por suposto, as actuacións que máis me gustaron foron as que escoitei en locais pechados; entre estas non esquezo a do cine de Betanzos. Unha ledicia.

A miña labor no Grupo, en varias ocasións, foi de amainador nas tormentas. Con todo, non sempre funcionou o pararraios. Asistía aos ensaios sempre que podía. Aquí todos aportábamos ideas para mellorar as pezas que se estaban a preparar. A min interesábanme moito as letras. Enteiramente miñas teño poucas (“*Irmán Galego*”, e boa parte de “*Os dereitos humanos*”), pero parábame infinitas veces na xastrería de **Miguel**. (Canta lata che teño dado!). Ensinábame o que tiña entre mans, e corríamos algo o galego, no que se atopaba máis inseguro. Moito temos matinado xuntos! ..As ideas bulían como as formigas. Presenteilles letras de poetas galegos: Cabanillas, Celso Emilio ... e do libro “*A antífona da Cantiga*” (así se titulaba daquela) de onde sacamos as letras de “*O tabaqueiro*”. Pedínlle aos meus amigos **Xosé Antón Miguélez** e **Bernardo García Cendán** que nos facilitaran algúns poemas. Así se formou o “corpus” de Saraibas.

Foi unha experiencia gratísima. Descubrín uns talentos que xamais me imaxinaba. Sabía, en teoría, que o talento artístico non se aprende, nin se merca na feira; hai que nacer con el, que o ten quen o ten, ... Iso que xa o sabía experimenteino nas vivencias con **Miguel**, **Martín** e **Oscar**. **Martín** e **Óscar** teñen un don para a música e **Miguel** para a poesía e a música. Aí están as súas creacións. Non me cega o moito que os aprecio. Calquera que teña sensibilidade o reconece. Non soamente hai cancións picaronas e de fácil denuncia. Tamén hai outras de fonda inspiración. Quen non goza escoitando “*Nación*”, “*Flor do toxo*”, “*Irmán galego*”, “*A terra dos dous*”, “*Xa non podemos calar*”...?

Nada hai para sempre neste mundo tan caduco e tan cambiante. Esa lei tamén lla hai que aplicar a **Saraibas**. Algún día tiña que desaparecer. Pero doe contemplar como o río vai arrastrando realidades moi queridas, nas que se puxo corpo e alma, ata a punto de ver nelas a razón do vivir. Moitas grazas Saraibas polos quilos de emocións que espertástedes en min, e grazas tamén por espallar o nome de San Sadurniño por tantos sitios.

Ramón Díaz Raña